

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**6714** *Real decreto 463/2011, do 1 de abril, polo que se establecen para os lagomorfos medidas singulares de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios.*

A publicación no ano 2000 do Libro branco da seguridade alimentaria foi determinante para a adopción dun paquete de medidas para a produción e comercialización de todos os alimentos segundo normas hixiénicas. Despois diso, aprobáronse o Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios; o Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e o Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

En todo este proceso, as propias disposicións comunitarias previron que determinados aspectos sexan regulados no ámbito nacional. Trátase, na súa maioría, de certas prácticas comúns da produción e comercialización de alimentos que non requiren adaptarse á norma xeral, sempre que se garantan os obxectivos de seguridade alimentaria dos regulamentos.

Así, o Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, permite a evisceración parcial das canais, sempre que a autoridade competente o autorice. Esta práctica víñase realizando antes da entrada en vigor do citado regulamento, identificándose con produtos moi específicos demandados así polos consumidores.

Polo tanto, na medida en que os citados regulamentos o permiten, este real decreto ten por obxecto establecer as bases normativas para manter certas prácticas nos matadoiros, prácticas que están consideradas singulares no marco comunitario e que se refiren, en particular, ao mercado das canais dos lagomorfos parcialmente eviscerados.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Ademais, con data do 11 de febreiro de 2009, o Comité Científico da Axencia Española de Seguridade Alimentaria aprobou, en sesión plenaria, o Informe sobre a evisceración dos lagomorfos en cumprimento das exixencias que, en materia de análise do risco, se conteñen no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de abril de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Excepcións á evisceración total dos lagomorfos.*

1. Autorízase que as canais dos lagomorfos conteñan as vísceras, distintas ao estómago e ao intestino, que se manteñan en conexión anatómica co corpo, conforme o establecido na letra c) do punto 7 do capítulo IV da sección II do anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

2. O operador económico garantirá a homoxeneidade sanitaria dos lotes sacrificados.

3. A inspección post mortem realizada polo veterinario oficial cumprirá os seguintes requisitos:

a) O veterinario oficial determinará para cada lote a porcentaxe de animais dos cales é necesario examinar as vísceras e cavidades do corpo con base na información da cadea alimentaria, na inspección ante mortem e en calquera outra consideración pertinente.

b) Se nas inspeccións por mostraxe se constatase a presenza de alteracións nas vísceras de varias canais, o veterinario oficial procederá á inspección completa de todas as canais do lote.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid 1 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO